

1. O significado da alienación en Marx e as súas formas.

- Tomada de Hegel, cambia o seu sentido. Para Hegel a alienación é un momento necesario na vida do absoluto: a Idea aliénase en Natureza, para recuperarse como Espírito. En cambio para Marx o suxeito da alienación é o home concreto non o absoluto; ademais ten sempre un sentido negativo: é a desposesión do home da súa esencia, a perda da súa humanidade, a conversión nunha cousa, nunha mercancía.
- A forma básica da alienación é a alienación económica, que Marx trata nos *Manuscritos de economía e filosofía* de 1844. Esta alienación xorde da organización da economía capitalista: a propiedade privada aliena ao home porque o transforma de fin en medio, de persoa en instrumento dun proceso que o escraviza. É alienación no seu produto (porque xa non é seu) no traballo (porque é un traballo forzado que lle fai desgraciado) e en si mesmo (porque queda convertido en mercancía) “Disto resulta que o traballador só se sente libre nas funcións animais, no comer, beber, criar, ... e en troques nas súas funcións humanas síntese como animal”. O traballo que é o que realiza como home, é tamén o que o aliena. En *O capital* aparece dun modo máis técnico na teoría da plusvalía: o obreiro produce máis do que lle pagan, iso máis é a plusvalía. A plusvalía é consecuencia da estrutura económica do capitalismo, é unha medida da alienación do obreiro.
- Desenvolvemento histórico desta alienación ao longo dos modos de produción.
- Derivadas desta forma básica de alienación, xorden a alienación social (división en clases) a. política (separación da sociedade civil e o Estado) a. relixiosa e a. filosófica (ideolóxica)
- Influencia no século XX: Escola de Frankfurt: Marcuse *O home unidimensional* onde reaparece a alienación da sociedade de consumo, xunto coa dominación e o conformismo social.

2. Materialismo e dialéctica na base do materialismo histórico

- Marx recolle o materialismo de Feuerbach que foi quen deu a volta ó idealismo hegeliano. En todo caso, critica o materialismo de Feuerbach como mecánico, mentres el propón o materialismo dialéctico. A materia é a realidade primeira, da que procede todo o demais. Pero a Marx non lle interesa a natureza como tal, considerada aparte do home. O seu materialismo consiste en considerar a realidade como o proceso dialéctico real de produción, un proceso material.
- Canto a dialéctica, herdouna de Hegel, é o método, o costado revolucionario da súa filosofía. Unha concepción dialéctica expresa a realidade como unha totalidade dinámica de elementos relacionados, loita de contrarios (tal concepción dialéctica xa aparecera en Heráclito). Marx aplica a dialéctica á sociedade e a historia. Aquí esta loita de contrarios é loita de clases, o motor da historia.
- Resumindo, en Marx a dialéctica é dialéctica material, refírese ao proceso productivo, dialéctica do home fronte á natureza, e fronte aos outros homes. Esta actividade económica constitúe a base material da vida dos homes. “Non é a conciencia dos seres humanos quen determina o seu ser, senón, polo contrario, o ser social dos homes o que determina a súa conciencia” (Prólogo *Crítica da economía política*)

3. O materialismo histórico.

- É a concepción da historia do marxismo; é materialista porque considera que o factor fundamental da historia é a economía; esta é a base material da sociedade, a

infraestructura, integrada polas forzas productivas e as relacións de produción. Sobre esta base érguese unha xigantesca superestructura ideolóxica, xurídica e política, que depende dela. Este materialismo é coherente coa visión materialista do home.

- O motor da historia é a contradicción entre as forzas productivas e as relacións de produción correspondentes. Empeza entón unha época de revolución social. Como as forzas productivas son os obreiros e as súas ferramentas, e a principal relación de produción é a propiedade, séguese que a contradicción se produce entre proletarios e burgueses. Por iso di Marx que a loita de clases é o motor da historia. “A historia de toda sociedade existente ata hoxe é a historia da loita de clases” *Manifesto comunista*
- Na historia sucedéronse os grandes modos de produción: primitivo, antigo, feudal e burgués moderno; en cada unha desas etapas produciuse o antagonismo de clase: amo-escravo, señor-servo, burgués-proletario. Agora estas forzas productivas que se desenvolven dentro da sociedade burguesa producen as condicións para a solución deste antagonismo: a revolución social que arrebatará aos burgueses a propiedade dos medios de produción producindo o paso a unha sociedade sen clases, a sociedade comunista.
- Segundo Marx a superestructura non ten historia propia, senón que depende en cada momento da infraestructura; isto significa que a relixión, a filosofía, a arte, as formas políticas, o dereito, veñen en cada época histórica determinadas pola base económica. Engels, o amigo e colaborador de Marx, protesta contra a acusación de determinismo económico, e di que hai que entendela como unha relación dialéctica, nas dúas direccións, aínda que, en última instancia, a iniciativa corresponde á infraestructura.
- É mérito de Marx por de relevo a importancia do factor económico, pois a historia, a miúdo, consistía nas accións dos caudillos, e loitas ideolóxicas e relixiosas. Pero tampouco se pode negar a importancia das ideas, na Ilustración por exemplo, precipitando a revolución francesa; ou a importancia das decisións dos homes, por exemplo o protagonismo de Lenin ou de Hitler no século XX.

4. A crítica de economía política.

- Motivo central do seu pensamento: a denuncia da situación de explotación do proletariado.
- Escandalízalle que os economistas presenten as leis económicas como leis da natureza, é dicir, como necesarias, inexorables, cando en realidade están historicamente condicionadas. ¿Cómo se pode aceptar como resultado inevitable do funcionamento económico a miseria e a explotación dos proletarios? O que hai que explicar é de onde xorde a propiedade privada, que é o corazón do sistema capitalista. O capital é, segundo Marx, plusvalía acumulada, é dicir, o precipitado da explotación continuada dos traballadores.
- Colocar aquí todo o dito acerca da alienación económica, traballo alienado, plusvalía.
- Un alza forzado dos salarios non sería máis ca unha mellor remuneración dos escravos e non conquistaría nin para o traballador nin para o traballo a súa vocación e a súa dignidade. Desde a perspectiva de Marx os traballadores actuais cun bo salario, seguirían sendo alienados.
- Visión romántica do traballo como realización do home.